



ACORDO DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE ESTABLECE O PRAZO DE PRESENTACIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVA (EDLP) POLA ASOCIACIÓN CANDIDATA SLECCIONADA A GALP GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO "GOLFO ÁRTABRO SUR" PARA O ÁMBITO TERRITORIAL DOS MUNICIPIOS DE BERGONDO, SADA, OLEIROS, CAMBRE, CULLEREDO, A CORUÑA E ARTEIXO

ANTECEDENTES

- 1.- A orde de 6 de abril de 2015 (DOG Núm. 71 do 16 de abril de 2015) fixo pública a convocatoria de selección de candidatos a Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro (GALP) para a elaboración de Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia
- 2.- O 22 de xaneiro 2016, por resolución da Conselleira do Mar, foron seleccionadas 7 organizacións como Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro, restando por seleccionar candidato a GALP na zona correspondente aos municipios de Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo.
- 3.- O 14 de xuño de 2016 publicouse no DOG a Resolución do 10 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se convoca un novo proceso de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro no ámbito territorial de Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo; segundo o establecido no punto 5 do artigo 14 da orde do 6 de abril de 2015.
- 4.- O 16 de setembro de 2016, por resolución da Conselleira do Mar, foi seleccionado como candidato a grupo de acción local do sector pesqueiro á Asociación GALP Ártabro Sur co NIF G70184494 correspondente aos municipios de Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo.
- 5.- A asociación candidata asinou o 28 de outubro de 2016 convenio de colaboración coa consellería do Mar para a elaboración dunha estratexia de desenvolvemento local participativa na zona de pesqueira. Na cláusula quinto do convenio establecése que a asociación candidata a GALP presentará a EDLP á consellería do Mar no prazo fixado por acordo da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

De conformidade co Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello.

De conformidade co Regulamento (UE) 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.

De conformidade co Programa Operativo para España do Fondo Europeo e Marítimo e de Pesca aprobado por decisión de execución da Comisión do 13 de novembro de 2105 C(2015) 8118 final.

De conformidade ca orde de 6 de abril de 2015 (DOG Núm. 71 do 16 de abril de 2015) fixo pública a convocatoria de selección de candidatos a Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro para a elaboración de Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia.

Polo exposto, ACORDO:

Establecer o prazo de presentación da estratexia de desenvolvemento local participativa (EDLP) ante a Consellería do Mar polo candidato seleccionado a GALP Asociación GALP Ártabro Sur co NIF G70184494 dende o dia 21 de novembro ata o dia 5 de decembro de 2016 (ambos inclusive).

Este acordo publicábase na páxina web www.xunta.es/mar

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2016

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

